

Nº 1  
ABRIL 2008

GANDEIROS

GALEGOS

[www.feplac.net](http://www.feplac.net)



Nace GANDEIROS GALEGOS, un boletín en galego para os gandeiros galegos, con novas de exclusivo interés para as vaquerías galegas e o seu entorno. Trátase dun suplemento da revista GANADEROS, publicada por FEPLAC dende hai anos, enfocado ao ámbito da nosa comunidade, que recibedes tódolos asociados de xeito gratuito e no que poderedes colaborar activamente mediante a publicación de creacións propias e de interés xeral.

\* Primeiros pasos da nova Xunta directiva

\* Feplac-Galicia de cara o futuro

\* O espírito das protestas

\* A lingua azul

\* Contrato proposto por Feplac

\* Dumping

Na nova e reciclada andadura de FEPLAC-GALICIA queremos adaptarnos ás necesidades dos novos tempos, aproveitando as novas técnicas para dar un servizo de calidade. Por iso, empregaremos como ferramenta de traballo a información aos socios, necesaria para acadar un poder representativo no eido social e económico da nosa sociedade e convinte para non cometer erros nas nosas inversións profesionais.

FEPLAC, como única organización na que tódolos socios se adican con exclusividade á explotación gandeira láctea, queremos tamén facer de GANDEIROS GALEGOS un mecanismo de opinión, onde se conforme un criterio profesional que mereza respecto e representación na política agraria e gandeira da nosa comunidade.



## Primeiros pasos

Teño a honra e a satisfacción de poder saúdar aos socios e socias de FEPLAC-GALICIA e dirixirme a eles e a elas para lles poder informar respecto das novas directrices que van guiar a labor da renovada Xunta Directiva. Asumindo o compromiso emitido o pasado 20 de decembro de 2007, quero dar conta con absoluta transparencia das xestións efectuadas ata o de agora, que podeades coñecer extensivamente a través dos diversos artigos publicados nestas páxinas.

En canto á organización interna da asociación, comunico a posta á vosa disposición de persoal cualificado que atenderá convintemente tódolos plantexamentos dos socios, nos números de teléfono 981579976 e 981577284, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Así, foi contratada unha Administrativa cunha longa traxectoria e experiencia profesional, que ten encomendadas as tarefas de organización das nosas oficinas, elaborando as bases de datos e ficheiros de tódolos socios, encargada asemade das comunicacións e de facilitar a información precisa.

Ademáis, foron contratados os servizos dunha Letrada colexiada que asesorará a actividade dos socios no eido xurídico, emitirá informes escritos, elaborará contratos e interporá as reclamacións ou recursos oportunos perante a administración.

Finalmente, foi empregado un Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado, ao obxecto de visitar aos socios nas súas respectivas explotacións, asesorar no cumprimento da normativa que lles afecte e mesmo confeccionar os oportunos informes escritos na materia.

Puxemos en marcha unha páxina Web, [www.feplac.net](http://www.feplac.net), onde ademáis de obter toda a información actualizada do sector, tales como normativa, artigos, notas de prensa, etc, poden facer chegar os socios as suxerencias que lles parezan de interes, anunciar compras e vendas, e todo tipo de servizos que pon ao noso alcance a nova era tecnolóxica.

Gracias a todos pola colaboración.

## FEPLAC GALICIA CARA O FUTURO



Novos tempos veñen chegando e faise preciso que o sector gandeiro galego teña a representación, consideración e participación que merece. Xa pasaron aquelas épocas preteritas nas que o traballo do sector se consideraba unha actividade de pura e simple supervivencia. Agora, os gandeiros acadaron unha profesionalidade, persoal e laboral, que debe ser tida en conta polos poderes públicos máis alá dun ámbito económico cuasifamiliar.

Con este propósito, FEPLAC-GALICIA, a finais do pasado ano 2007, renovou o completo a súa xunta directiva con plans concretos de reforma e co obxecto principal de lle dar un impulso de gran transcendencia ao sector lácteo da nosa comunidade. Entroutros extremos, o primeiro paso desta nova andadura pasou por contactar de xeito inmediato cos órganos da administración competentes ou relacionados nas materias que nos

ocupan e preocupan. Así, mantivemos entrevistas co Conselleiro de Medio Rural, don Alfredo Suárez Canal, co Conselleiro de Traballo, don Ricardo Varela Sánchez, coa Directora Xeral de Riscos Laborais, dona Pilar Cancela Rodríguez, co Director Xeral de Fomento de Emprego, don Álvaro Ansias Bacelar, co Director Xeral de Conservación da Natureza, don Xosé Benito Reza Rodríguez e co Director Xeral de Industria, don Anxo-Ramón Calvo Silvosa, facéndolles chegar a todos eles as preocupacións dos gandeiros galegos para que se involucren na solución dos problemas que atañen ao sector na medida en que se debe considerar de interés xeral todo aquilo relacionado coa natureza e a súa conservación así como a debida protección do campo en tódolos seus particulares. Neste primeiro encontro, que de seguro se repetirá no futuro, case todos eles mostraron claras intencións de colaborar

con nós na solución dos obstáculos que sofre o noso sector.

Manifestamos dende estas páxinas o noso agradecemento á acollida que tiveron as nosas peticións e solicitamos asemade que non se convirían en meras declaracións de intencións e se materialicen en feitos e actitudes resolutivas e firmes.

Dende FEPLAC GALICIA facemos un chamamento aos socios para que, dentro dun entorno de solidariedade e de conciencia de grupo, nos mentalicemos na necesidade de aportar ideas e tomar iniciativas beneficiosas para todos, debemos adaptarnos aos novos tempos, traballar xuntos na solución dos problemas actuais e na prevención de posibles obstáculos futuros.

FEPLAC elaborou diversos escritos para a Consellería de Medio Rural, mesmo dirixidos ao propio Conselleiro, solicitando a nosa incorporación

nos foros oportunos da Consellería, nos que poidamos suxerir, debater e participar na toma de decisións que sexan do noso interés; e asemade, solicitamos a apertura dun novo Plan de Abandono Lácteo consonte coa situación que está a vivir o noso sector.

Por outra banda, tamén solicitamos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que se abra unha vía de investigación sobre as prácticas comerciais abusivas de mercados estranxeiros, e na súa virtude acorden a toma de medidas preventivas.

Xa que logo, nesta nova andadura, FEPLAC, no nome de tódolos socios, tentará conquistar para o sector un papel activo e decisivo que redunde en resultados de interés e beneficio para todos, nós en particular, e a sociedade en xeral.

## O ESPÍRITU DAS PROTESTAS

A liberdade de expresión, dereito recoñecido como fundamental na nosa constitución, é un destacado logro da democracia. Empregado como mecanismo de protesta do cidadán, ou dun grupo organizado de individuos, que se ven ameazados polo que eles consideran, obxectiva e subxectivamente, unha inxustiza, debe manifestarse acompañado do respecto necesario aos dereitos daqueles fronte aos que expresamos a nosa indignación; o contrario significaría deixar valdeira de contido a expresión máis pura da nosa liberdade.

Dende esta revista, FEPLAC GALICIA quere facer chegar aos seus socios, e, por extensión, a todos aqueles que sepan e queiran entendelo, que nunca aleccionaremos aos que forman parte das nosas filas para que defendan os seus intereses a través da agresividade, da violencia ou da falla de respecto aos seus iguais. Os principios da nosa organización non comulgan coa reivindicación airada e arrebatada; combatiremos sempre con diálogo, comunicación e discusión serena. A imaxe pública desta asociación debe ser intachable, consonte cos valores que representamos e como exemplo para todos aqueles que queren converter nun casus belli os seus motivos de protesta.



Por iso, condeamos expresamente os recentes episodios vividos na nosa comunidade con motivo das protestas dos gandeiros diante das industrias lácteas pola baixada de prezos do leite, porque aínda que o comportamento daquelas non nos parece que sexa o axeitado, o sector lácteo está conformado por distintos elementos que interactivan dun xeito que nos converte a tódalas partes en imprescindibles para o seu bo funcionamento, e con base niso, insistimos en que a discusión ordeada dos desacordos e a reivindicación dos nosos dereitos nun marco de legalidade absoluta, é a única e a mellor solución, tanto no que respecta ás industrias coma á administración.

É preciso dicir que FEPLAC GALICIA foi a primeira organización que convocou as protestas con motivo da baixada indiscriminada e inxustificada do prezo do leite por parte das industrias lácteas, mentres outras organizacións calaron e gardaron pasividade ata coñecer a nosa iniciativa, e o que é máis reprobable, adiantándose a celebrar as súas convocatorias nos días previos ás Eleccións Xerais do pasado 9 de marzo de 2008, fronte ao noso emprazamento, ideado e organizado con anterioridade, pero sinalado para o 11 de marzo seguinte. Como breve referencia a esta convocatoria, celebrada con éxito diante da sede de PULEVA en Nadela, Lugo, primeira industria láctea que anunciou unha baixada do prezo do leite, 6 céntimos de euro/litro, para o mes de febreiro, á que asistiron alomenos 600 persoas, según datos aportados polas Forzas de Seguridade do Estado, debemos dicir que non contamos coa presenza de ningunha organización sindical, malia o apoio ofrecido pola nosa organización na súa manifestación de protesta do anterior 6 de marzo, na que invitamos aos nosos socios a participar de xeito pacífico, sen formar parte dos altercados violentos que protagonizaron os convocantes co resultado dun traballador de PULEVA ferido, feito que censuramos expresamente; asemade, é necesario lembrar que aquelas organizacións que convocaron interesadamente manifestacións de protesta nos días previos ás Eleccións Xerais, rexeitaron entrevistarse coa directiva de PULEVA e negaron a palabra ao seu representante, fronte á actitude de FEPLAC, que en todo momento permitiu e participou nunha vía de diálogo con aqueles.



Con isto, podería deducirse que se FEPLAC GALICIA non tivese proposto a convocatoria de protestas, ningunha outra organización o tivese feito, en todo caso sempre baixo a presenza de intereses pouco transparentes tinxidos dun palpable afán de protagonismo. Xa que logo, deixamos sobradamente constatado que a nosa reclamación de dereitos non admite tendencias interesadas nen nos avalan intereses electoralistas ou políticos, condenamos o que en xustiza nos parece abusivo, reclamamos equidade nas nosas relacións económicas e representamos con honestidade aquilo no que cremos.

O fondo pódese observar o Presidente e o Secretario dirixíndose as oficinas de Puleva para deixar por escrito as súas reivindicacións.



Protesta do día 11 de marzo diante de Puleva en Nadela

## A LINGUA AZUL

A tan teimada enfermidade da lingua azul está novamente a preocupar ás autoridades sanitarias españolas. Nembargantes, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación conta cun creto de 40 millóns de euros para poñer en marcha o plan de emerxencia de vacinación masiva contra tal enfermidade.

En España veuse combatindo o serotipo 4 da enfermidade mediante a vacinación masiva do gando vacún e ovino nas zoas afectadas, con resultados eficaces xa que non se detectaron novos contaxios deste serotipo durante o 2007. Malia isto, como queira que o pasado ano amosouse o serotipo 1, primeiro no sur do país e máis tarde no norte peninsular, sen acadar Galicia, xunto coa aparición a principios deste ano dun foco do serotipo 8 na cornisa cantábrica, faise precisa unha vacinación de emerxencia para atender estes casos e evitar a propagación no resto do territorio. Xa que logo agardamos que Galicia non se vexa afectada por este mal que trata de atallarse e erradicarse de xeito definitivo.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación declara como zoas restrinxidas, aínda que estacionalmente libres S-8, a tres comarcas de Asturias. O resto do país declárase libre. As áreas restrinxidas S-1-8, distínguese entre zoa restrinxida a provincia de Guipúzcoa e zoas restrinxidas pero estacionalmente libres, Vizcaia e algunhas comarcas de Cantabria. En canto ás comarcas afectadas polos serotipos 1 e 4, debemos diferenciar entre aquelas que só padeceron o 1, - zoas repartidas en Castela e León, País Vasco, Navarra, A Rioxa e Aragón, case todas declaradas estacionalmente libres agás algunha comarca de Navarra-, e aqueloutras que padeceron ámbolos dous referidos serotipos, todas elas en Andalucía, Extremadura, Castela -A Mancha, Madrid, Ceuta e Melilla, consideradas a maior parte delas zonas estacionalmente libres, a excepción de Ceuta e Melilla e algunha comarca andaluza.

## PROPOSTA DE FEPLAC

Ante a crise que está a sufrir o sector lácteo galego, FEPLAC, entroutras xestións coa administración, solicitou, a través dun escrito dirixido ao Conselleiro de Medio Rural, don Alfredo Suárez Canal, a necesariedade da búsqueda de solucións que palién as consecuencias negativas da mentada crise. A referida petición foi manifestada nos termos que expoñemos a continuación.

Debido á imposibilidade de chegar a un acordo coas industrias lácteas en canto ao establecemento dun prezo mínimo para o leite, desacordo que quedou de manifesto na última reunión da mesa do leite, e como queira que aínda non se sentaron as bases para elaborar un contrato homologado que rixa as relacións comerciais entre industrias e produtores, situación que está creando nos produtores unha preocupante desesperanza e unha perda de confianza no mentado foro ao non se chegar a acordos e, no caso dos gandeiros non representados, entroutros os socios de FEPLAC, un sentimento de discriminación ao non seren escoitados, solicitamos que con carácter provisional se adopten como referencia as bases e prezos establecidos pola Interprofesional Láctea Francesa, cuxo funcionamento está fora de dúbida, e así, se estableza o prezo do leite que aquela ten adoptado, incluíndo os retornos ou primas correspondentes, máis un incremento de 0,051 cent. de euro por litro en concepto de plus de transporte, considerando que o noso país importa unha cantidade importante de leite procedente de Francia, e que se calcula facendo unha media das distancias xeográficas que teríamos que asumir.

Por outra banda, tamén interesamos que dende a administración se convoque unha reunión entre tódalas partes interesadas no sector lácteo, onde por descontado FEPLAC debe estar representada, ao obxecto de debater as propostas que cadaquén de nós poidamos aportar para solventar a crise actual, estudando entre todos, dentro dun clima de diálogo a viabilidade, repercusión, custe e defensa das propostas de cadaquén.

## "DUMPING"

Na realidade do sector lácteo galego e español, acúñase nos últimos tempos un novo termo, o "dumping", e aínda que lamentablemente a estas alturas todos teñamos oído falar del, convén facer unha breve referencia ao concepto de tan manida expresión.

"Dumping" significa vender un produto no mercado internacional a un prezo inferior ao que ese mesmo produto se compra no mercado nacional. Existen diversos tipos de dumping, o que afecta ao noso sector lácteo enmárcase no denominado "dumping predatorio", clasificándose como unha práctica desleal de competencia e como a forma máis dañina de "dumping", que consiste na venda a perda por parte do exportador no mercado externo, gañando acceso ao mesmo, excluindo pouco a pouco a competencia e converténdose con

posterioridade en monopolista, coa facultade de elevar os prezos ata o límite que el marque.

Dito isto, as últimas novas e os recentes acontecementos fannos pensar que o país veciño, Francia, está levando a cabo esta maliciosa práctica comercial no sector lácteo do noso país, provocando con iso que as industrias lácteas españolas prefiran comprar leite de fora, deixando de comprar aos produtores nacionais e facéndoo a un prezo moi inferior ao real e ao que lles facilita o mercado externo, pero mantendo o seu coste elevado repercutido no consumidor.

Dunha análise de posibles efectos económicos, entoutros, a curto prazo se deduce que esta realidade beneficia claramente ás industrias lácteas repercutindo todo o prexuízo nos produtores e nos consumidores; nembargantes, aínda que nun primeiro momento serán os gandeiros

os que vexan afectada a súa produción, se as industrias lácteas manteñen o seu posicionamento actual, sin acordar cos produtores nacionais un prezo mínimo do leite e sen cesar nas súas relacións comerciais co exterior nos termos nos que o veñen facendo, serán as grandes prexudicadas finais, porque están contribuíndo á creación dun monopolio dominado por mercados estranxeiros, que, unha vez asentado nas nosas fronteiras, non contarán coas industrias españolas, quenes ao mesmo tempo, por mor do inevitable abandono das explotacións, xa non terán produción nacional que comprar para facer fronte á demanda e competir cos novos inquilinos. Para ser exactos, en termos coloquiais, e facéndonos eco do noso refraneiro, a situación está perfectamente definida naquel dito: "PAN PARA HOXE, FAME PARA MAÑÁN".

Dende FEPLAC preocupámonos polo hoxe

pero tamén polo futuro, a administración debe apoiar ao sector como base fundamental do desenvolvemento económico do país e por iso xa manifestamos as nosas queixas e indignación aos poderes públicos confiando en que non poderemos ser avasallados, e, entoutros particulares, temos solicitado do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que se abra unha vía de investigación sobre os feitos expostos para esclarecer as prácticas comerciais abusivas nas que participan as industrias lácteas españolas, xa que teñen ao seu alcance todos os medios para determinar esta realidade, realidade que é preciso concretar con claridade para poder interpoñer a correspondente denuncia diante da Comisión Nacional de Competencia.



# Agricultura inteligente

clever farming



## El sistema ISOBUS de Pöttinger

- sistema de conexión rápido y sencillo
- para utilizar con los principales fabricantes de tractores
- un solo mando de control para todos los aperos
- posibilidad de utilizar a través del mando del tractor
- comodidad de uso
- infinidad de funciones adicionales



**Durán Maquinaria Agrícola s.l.**  
Carretera N-640, km. 875 - 27192 LA CAMPIÑA (Lugo)  
Tel.: 982.22.71.65 - Fax: 982.25.20.86  
E-mail: info@duranmaquinaria.com  
[www.duranmaquinaria.com](http://www.duranmaquinaria.com)

  
**PÖTTINGER**  
[www.poettinger.es](http://www.poettinger.es)